

Autor: BAILLY, B.
Ano: 2005
Título: *Enseñar: Una cuestión de personalidades*
Lugar: Barcelona
Editorial: Ceac

O proceso de ensino-aprendizaxe é complexo, multivariado e dinámico. Relaciónase cos procesos cognitivos do estudante e está vinculado, á súa vez, coa situación instrutiva que ten lugar en cada momento. Está tamén estreitamente ligado ao que se ensina, a como se ensina e ao modo en que se desenvolve o proceso de comunicación na aula. Convén recordar, ademais, que todos os grupos e todas as persoas teñen características diferentes que inflúen na nosa aprendizaxe, nos procesos e nos resultados, de tal maneira que o ensino debería modularse en función de tales características.

A obra de Beátrice Bailly *Enseñar: Una cuestión de personalidades*, que comentamos nestas páxinas, intenta ofrecerlle ao lector unha explicación de cal é o proceso de aprendizaxe dos estudantes, qué os motiva e cómo o docente pode intervir e apoialos nos seus problemas e dificultades. Ao longo das súas páxinas trata de lle axudar ao profesorado a definir, mediante a observación das condutas e comportamentos dos seus alumnos, o tipo de personalidade que posúen, para así poder atopar a maneira máis axeita-

da de comunicarse con cada un deles. Paralelamente, os profesores poden coñecer algo máis sobre si mesmos, a súa personalidade e o modo de afrontar a súa vida e actividade profesional.

O contido deste texto estruturárase en nove capítulos dedicados a explicar o Process Communication Model (PCM), un modelo que lles ofrece aos profesores as ferramentas prácticas para poder comunicarse de xeito construtivo cos distintos interlocutores cos que se encontra no medio escolar: alumnos, pais, colegas...

Os capítulos 1 e 2 describen o modelo do Process Communication Model (PCM). Así, de forma máis específica, no primeiro revísanse os obxectivos e contidos básicos do modelo. O seu creador, o doutor en psicoloxía Taibi Kahler, orienta as súas investigacións á observación das persoas, a partir da que chega a definir seis grandes tipos de personalidade fóra do campo da patoloxía, cada unha cos seus trazos positivos e negativos: o Traballomaníaco, lóxico, metódico e minucioso; o Perseverante, rigoroso, entregado e respectuoso coas normas; o Soñador, que demostra calma, visión

a longo prazo e capacidade de distanciamento con relación ás situacións; o Promotor, alguén con carisma, dinámico e con capacidade para adaptarse a todo tipo de situacións; o Rebelde, que posúe unha grande enerxía creativa, espontánea e lúdica; o Empático, cálido, benévolo e sensible. Cada individuo, sexa profesor ou sexa alumno, non pode reducirse a unha etiqueta, isto é, a unha desas tipoloxías de personalidade; todas as persoas teñen as características propias dun tipo de personalidade, pero tamén desenvolven, en distinto grao, aquelas asociadas aos outros cinco tipos. No segundo capítulo expóñense os puntos clave da comunicación positiva, os medios de intervención que permiten establecer unha comunicación axeitada.

Cada un dos seis tipos de personalidade citados estúdanse detidamente nos seis capítulos seguintes da obra. Concretamente, o capítulo 3 describe, en primeiro termo, as características do alumno traballomaníaco, “aplicado e concienciado”, como identificarlo, como motivalo e como axudarlle a mellorar os seus resultados escolares. En segundo lugar, preséntanse as características que permiten recoñecer o profesor traballomaníaco, “competente e organizado”, a súa motivación e o estilo profesional e relacional que posúe.

No capítulo 4 ofrécese un perfil do alumno e profesor perseverante. O primeiro, un alumno “serio e aplica-

do”; o segundo, un profesor cualificado como “implicado e fiable”. En ambos os dous casos, resérvase un espazo para expoñer como poder recoñecer unha persoa tenaz, como lograr a súa motivación e mellorar os seus logros.

O capítulo 5 ocúpase da personalidade do alumno soñador, “discreto e aplicado”, con dúas motivacións claras: dispoñer de espazo propio, calma e tempo para si mesmo e recibir directrices claras. Os trazos do profesor soñador, “paciente, reflexivo e imaxinativo” descríbense na última parte deste capítulo, xunto ao seu estilo profesional, a forma de relacionarse e a conduta típica que presenta ante condicións de estrés.

O capítulo 6 describe persoas activas, dinámicas, sedutoras, firmes e decididas que adoitan ter un comportamento de líderes e que identificamos como Promotores. No seguinte capítulo, número 7, recóllense as características tanto do alumno como do profesor Rebelde, “espontáneo e cheo de ideas” e “estimulante e cheo de humor”, respectivamente.

Por último, no capítulo 8 preséntanse as características da personalidade Empática, as súas fontes de motivación, o modo de lle axudar ao alumno empático a mellorar os seus resultados escolares e a conduta típica do profesor empático ante condicións de estrés.

No capítulo 9 inténtanse dar respostas á preocupación que sente

grande parte do profesorado ao enfrontarse a unha aula integrada por alumnos diferentes, con diversas motivacións e intereses, unha clase heteroxénea onde é preciso descubrir e identificar a personalidade de cada alumno e a estrutura do grupo, para así poder adaptar a actividade a este, á vez que se atende a todos e cada un dos seus integrantes.

Finalmente, os anexos supoñen unha recapitulación e reflexión sobre o contido da obra.

En resumo, cabe dicir que obras coma esta, capaces de combinar o rigor científico e o carácter eminentemente práctico, convértense nun instrumento de axuda para os educadores. Por iso, agradecemoslle á súa autora que a poña á nosa disposición.

Ana M^a Porto Castro
Universidade de Santiago de Compostela